

TAR	AVE
TAR	DO
AÑA	ANO
CIN	EN
CEN	GAL
TA	ICIA

2008



Foto: (c) Óscar Martínez

**Censo coordinado de tartaraña cincenta
(*Circus pygargus*) en Galicia**

26 e 27 de abril de 2008

SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA (www.sgosgo.org/archivos/censocircus.pdf)

**Censo coordinado de tartaraña cincenta
(*Circus pygargus*) en Galicia**

26 e 27 de abril de 2008

SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA (www.sgosgo.org/archivos/censocircus.pdf)

Dentro das actividades planificadas para o ano 2008 pola Sociedade Galega de Ornitología (SGO), está o estudar e dar a coñecer a problemática conservacionista das aves de Galicia en xeral e das que habitan en zonas de mosaico agrícola en particular, sendo esta a temática do vindeiro Congreso Galego de Ornitología que terá lugar en Monforte de Lemos en setembro.

Unha das aves máis características destes medios, a **tartaraña cincenta (*Circus pygargus*)**, foi elixida Ave do Ano en Galicia 2008 pola SGO, planificándose arredor dela unha serie de actividades entre as que se destacou unha charla no seo do *I Curso de Ornitología da SGO* o derradeiro fin de semana de Marzo de 2008 en Santiago de Compostela, e un censo coordinado da especie en toda Galicia para o derradeiro fin de semana de Abril, que se dá a coñecer con este documento.

O obxectivo último desde censo é coñecer a distribución da especie en territorio galego no ano en curso, e comparala coa fornecida nos diferentes atlas de aves publicados ata a data (SGHN, 1995; Hagemeyer & Blair, 1997; Purroy, 1997; Martí & Del Moral, 2003), e profundizar un chisco máis sobre os requerementos espaciais desta rapina.

A continuación detállanse diversos puntos clave deste censo:

Lugar: **Comunidade Autónoma de Galicia**

Datas: **26 e 27 de abril de 2008**

Horario: **De 8:30 a 20:30 h oficial galega**



**Censo coordinado de tartaraña cincenta
(*Circus pygargus*) en Galicia**

26 e 27 de abril de 2008

SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA (www.sgosgo.org/archivos/censocircus.pdf)

Método:

Anotar todas as tartarañas cincentas vistas ao longo do día 26 e/ou do día 27, en calquera punto do territorio galego, indicando:

Data

Número de exemplares

Sexo, idade e características da plumaxe (melanismo)

Hora exacta do contacto coa/s ave/s e cando se deixa/n de ver

Lugar preciso da observación (mellor coordenadas UTM X, Y)

Concello e provincia

Hábitat polo que se ve/n ave/s voando (principal e secundario)

Tipo de hábitat (exacto) no que caza/n ou tenta/n cazar

Estado de conservación dos hábitats mencionados

Comportamento da/s ave/s durante a observación (detallado)

Evidencias de nidificación (cría posíbel, probábel ou segura)

Quilómetros percorridos (a pé, en bicicleta, moto e/ou coche)

Rexistros anteriores na zona (se se dispoñen)

Nome do/s observador/es

Teléfono e e-mail do/s observador/es

Enviar estes datos en formato Excel, Word, ou no corpo da mensaxe, indicando no “Asunto” a frase: Censo Circus pygargus 2008, ao enderezo: [avedoano\(arroba\)sgosgo.org](mailto:avedoano(arroba)sgosgo.org), ou ben ao enderezo postal: SGO. Censo Circus pygargus. Apartado de correos 581, 15780 Santiago de Compostela (Galicia).

**Censo coordinado de tartaraña cincenta
(*Circus pygargus*) en Galicia**

26 e 27 de abril de 2008

SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA (www.sgosgo.org/archivos/censocircus.pdf)

Bibliografía:

Hagemeijer, W. J. M. & Blair, M. J. (eds.). 1997. *The EBCC Atlas of European Breeding Birds. Their distribution and abundance.* T&AD Poyser. London.

Martí, R. & Del Moral, J. C. (eds.) 2003. *Atlas de las Aves Reproductoras en España.* SEO/BirdLife. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid.

Purroy, F. J. (ed.). 1997. *Atlas de las Aves Reproductoras en España. 1975-1995.* Sociedad Española de Ornitología. Madrid.

Sociedade Galega de Historia Natural. 1995. *Atlas de Vertebrados de Galicia. Tomo II: Aves.* Consello da Cutura Galega. Santiago de Compostela.



© *Sociedade Galega de Ornitología, 2008.* A SGO é unha asociación adicada ao estudo científico e á conservación das aves silvestres e dos seus hábitats en Galicia. Web: <http://www.sgosgo.org>. E-mail: [sgosgo\(arroba\)sgosgo.org](mailto:sgosgo(arroba)sgosgo.org).